



Avanzando cara a unha loxística sostible

EROSKI RECIBE A SÚA SEGUNDA ESTRELA LEAN & GREEN POR REDUCIR AS SÚAS EMISIÓNS DE CO₂ MÁIS DUN 30%

- **Superou o obxectivo marcado ao alcanzar unha redución de case o 33% e, ademais, fíxoo adiantándose 1 ano ao prazo comprometido**
- **Supón evitar máis de 36.000 toneladas de emisións equivalentes de CO₂**
- **O obxectivo da plataforma europea Lean & Green é xerar unha rede de compañías líderes no campo da loxística sostible, para incrementar a súa capacidade de aforro e reducir as súas emisións de CO₂**

Elorrio, 3 de outubro do 2022.- A [Asociación de Fabricantes e Distribuidores \(AECOC\)](#) concedeulle a [EROSKI](#) a súa segunda estrela [Lean & Green](#) por alcanzar o obxectivo de reducir máis dun 30% as súas emisións de CO₂ nos procesos de loxística e transporte no exercicio 2021, un ano antes do prazo establecido pola iniciativa. Concretamente, EROSKI rebaixou as emisións un 32,41% con respecto ao ano base 2015.

Para iso, o grupo de distribución acometeu un proceso ininterrompido de melloras nos seus procesos loxísticos para minimizar o seu impacto ambiental. O devandito proceso concrétase en catro grandes áreas de acción: maior enchedura dos vehículos e redución de quilómetros, renovación da frota con vehículos menos contaminantes, novas plataformas loxísticas máis sostibles e mellora da eficiencia enerxética nas xa existentes.

"Dende a consecución da primeira estrela Lean & Green, en só dous anos demos elevado a redución das emisións de CO₂ dos nosos procesos loxísticos ata case un 33%. Iso significa evitar máis de 36.000 toneladas de emisións equivalentes de CO₂", explicou o director de Innovación, TIC e Loxística de EROSKI, Enrique Monzonis.

EROSKI conseguiu o premio ao proxecto Lean & Green no 2018, que certificaba o seu plan de accións para lograr a redución desa porcentaxe con respecto ás emisións do 2015. A primeira estrela Lean & Green por superar o obxectivo de reducir un 20% as súas emisións de CO₂ nos procesos de loxística e transporte chegou a finais do 2020 ao alcanzar unha redución do 25% no exercicio 2019, un ano antes do prazo fixado.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



"Estamos a desenvolver un completo programa de accións centradas na eficiencia e na sustentabilidade. Nel xoga un papel primordial a eficiencia dos nosos procesos loxísticos e a configuración das plataformas. Por unha banda, dende o transporte acometemos unha importante renovación da frota, apostando por vehículos alternativos menos contaminantes (megacamións, vehículos eléctricos, Euro VI...), conxugada cunha mellora da eficiencia pola colaboración con provedores, o incremento da enchedura e a redución de quilómetros en baleiro. E, por outra, apostamos por unha construción sostible e por equipos máis eficientes enerxeticamente e con menos impacto ambiental, como a iluminación LED, instalacións fotovoltaicas, detectores de presenza, robots de temperaturas, uso de gases refrixerantes non contaminantes e o aproveitamento da luz natural para mellorar a eficiencia enerxética das plataformas. Ademais, contamos cun modelo de xestión de residuos baseado nos principios da economía circular", detallou Enrique Monzonis.

A iniciativa Lean & Green encaixa á perfección co compromiso de EROSKI de se converter nunha empresa neutra en emisións de gases de efecto invernadoiro no 2050. *"Esta segunda estrela Lean & Green é un fito importante na folla de ruta que estamos a seguir ata alcanzar a neutralidade en carbono. Un paso relevante, nunha área da nosa actividade, a loxística, onde o noso sector máis pode marcar a diferenza",* afirmou Monzonis.

EROSKI, xunto con outras 15 empresas do sector do consumo, lidera Lean & Green, a maior plataforma europea de colaboración especialmente dirixida a reducir as emisións asociadas á cadea de subministración, que xa conta con case 100 empresas adheridas. Trátase dunha iniciativa internacional e intersectorial que ten como obxectivo, amais de axudar as empresas a reducir as súas emisións de gases de efecto invernadoiro, axudalas a aspirar a un obxectivo cuantificable, colaborar con outras empresas a nivel nacional e mais europeo, compartir boas prácticas e ser un referente de sustentabilidade cun sistema de seguimento transparente e trazable.

A iniciativa atópase aliñada cos obxectivos definidos no *Acordo de París* para alcanzar as emisións neutras en carbono no 2050. A estrutura do programa Lean & Green consiste en cinco niveis de traballo, con obxectivos cuantificables de redución de emisións de carbono. Unha vez alcanzados os obxectivos de cada nivel, prémíase as empresas con estrelas.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)